

159

# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia  
e nas suas colonias

ANO MCMXXII



## Decálogo do Nacionalismo Galego

- |   |  |
|---|--|
| I<br>Autonomía de Galicia.  | VI<br>Sustantividade do dereito fo-<br>ral galego.                             |
| II<br>Autonomía municipal.  | VII<br>A terra para os que a traba-<br>llen, e libre de gravames.              |
| III<br>Co-oficialidade dos idiomas<br>galego e castelan.  | VIII<br>Repoboación forestal forzosa.  |
| IV<br>Igualdade de dereitos civís e<br>políticos para a muller e para o<br>home.                                      | IX<br>Entrega á propiedade parti-<br>cular das terras incultas do Es-<br>tado. |
| V<br>Representación proporcional<br>e non elixibilidade dos que non<br>rindan función útil para a colec-<br>tividade. | X<br>Libre cambio.   |

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctnós.; Fora, trimestre, 1'50 pe-  
setas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctnós.—Pagos adiantados


Redacción e Administración: Praza María Pita, 17. baixos. A CRUÑA

# FORD

## Nova baixa de prezos postos en vigor

		ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...	Pesetas	4.480	<b>3.835</b>
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	»	6.300	<b>5.470</b>
VOITURETTE » 2 » » sin » »	»	5.790	<b>5.100</b>
DOBLE FAETON » 5 » » con » »	»	6.630	<b>5.725</b>
DOBLE FAETON » 5 » » sin » »	»	6.125	<b>5.350</b>
SEDAN » 5 » (coche pecho con arranque)	»	12.050	<b>10.250</b>
CHASIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada . . . . .	»	5.050	<b>5.065</b>

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados





Axiña recibiréi unha remesa de vinte autos e camiós, pol-o que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adquirilos, fagan os pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servizo económico de autos de alquiler

**LUIS GRANADOS**  
**AXENTE**

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóbiles

Todal-as miñas ofrendas enténden-se sin compromiso e suxetas á miña confirmación. As mercancías viaxan por conta e resgo do mercador, non admitindo devolta dempois da saídas do almacén

**Payo Gómez, 5**  **A Cruña**  **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VI — NÚMERO 159 — 15 MARZO 1922

## Conmemorando aos mortos

### OS NOSOS CANTORES

D' este mes de Marzo, no que temos de rexistrar as luctuosas efemérides da perda dos dous grandes poetas, **Manuel Curros Enríquez** e **Eduardo Pondal**, fíxose, entre nós, o mes consagrado á lembranza de todol-os mortos fillos da nosa meiga terra e que á ela consagraron os seus talentos para a mais alta glorificación das letras galegas.

Os seus nomes perdurarán na memoria de todos nós e no seu exemplo teremos estímulo abondo para perseverar na santa obra da redención de Galicia.

A NOSA TERRA, ao rendir-lles hoxe o saudoso testimonio da súa veneración e respecto, cree que ningún outro homenaxe máis sentido á súa memoria que honrar as súas follas con algunhas primorosas composicións dos que foron gala e prez do noso Parnaso.

Bendigamos todos os seus nomes gloriosos e fagamos das súas obras nosos «Libros de Horas.»

Deixe, pois, de correr a pruma, e, dando paso aos poetas, falen agora os ilustres mortos:

#### Da excelsa Rosalía Negra Sombra

Cando penso que te fuches  
negra sombra que m'asombras  
ó pé dos meus cabezales  
tornas facéndome mofo.

Cando maxino que és ida  
no mesmo sol te m'amostras,  
y-eres a estrela que brilas  
y-eres o vento que zoa.

Se cantan, és tí que cantas,  
se choran, és tí que choras,  
y és o marmurio do río,  
y és a noite y és aurora.

En todo estás e tí és todo,  
pra mín y-en mín mesmo moras:  
nín m'abandonarás nunca  
sombra que sempre m'asombras!

#### Do gran Curros Enríquez Na tumba de Rosalía

Collidas a pedir de porta en porta  
(Que eu non herdei xarains nin hortas  
teño)

¡Sombra sin paz da nosa Musa mortal!  
Aquí estas froles á traguerche veño.

E-o esparxelas sobre a pedra fría  
Que un *Resurrexit* pra crebarse agarda,  
Sinto cuase o tremor que sentiría  
O ladrón que recea e se acobarda.

Como él, ao che deixal-a miña ofren-  
(da,



Don Manuel Curros Enríquez

A soledade en miña a xuda chamo,  
Que se él ten medo que a xusticia c  
(prenda  
Temo eu que me marmulen os que amo

Tanto do noso tempo a xente esquiva  
As patrias gorrias bulra e escarnece;  
¡Xeneración de mánceres cativa  
Que hasta o pai que a enxendrara a  
(descoñeco

Que hoxe é pecado relembra fazañas  
Porque impotentes pr'as facer nacemos.  
E cicais que gabar gorrias estrañas  
Nos console das propias que perdemos.

O valor, o carácter, as ideas,  
Fala, costumes... son *lendas douradas*.  
¿De qué coor serán ¡ay! alleas  
Que nos fan leer á couces e pancadas?

Mais dorme, Rosalía, mentras tanto  
Nas almas mingoa a fé e a duda medra  
¡Quén sabe si, d'este recinto santo,  
Non quedará mañán pedra con pedral.

¡Quén sabe se esta tumba, n-ese día,  
Chegará a ser, tras bélicas empresas,  
Taboleiro de yankee mercería  
Ou pesebre de bestas xaponesas!



### Do insigne Pondal

Xa chegaran os días  
Qu'os bardos anunciaron;  
D'as gandraz lagarzas  
As brétemas escuras s'alongaran.

Veu à maturidade  
Vosa miés verdecente;  
Gallegos, despertade,  
Baruda e forte xente,  
Vosa fouce afiade  
Como agudo crecente,  
Vosa fouce famosa,  
Vosa fouce robusta e fulxente.

Diante de vós ondea  
A barda d'ouro ardente...

Segade a vosa herdade,  
¡Ay d'aquel que non sea valente!  
Segade, gallegos, con forza, segade

### Do enxebre Lamas Carvajal

#### Cómo chove...

¡Vállame Dios que noite! ¡cómo chove  
cómo chove, e que lóstregos se ven!  
¿qué guía os campos levarán? ¡Ay probe,  
probe do que non ten!

Con forza a pedriscar comenza agora,  
sobre de nós a nube descargou:  
outra tal com'aquela que traidora  
as terras nos levou.

¡Qué destrozos fará nos nosos millos;  
nin graos pr'a sementeira deixará!  
¡ay amante muller, amados fillos,  
quedadesvos sin pan!

O ano enteiro traballa pra qu'un tro-  
(no  
lle leve o que precura con suor,  
ou ben escravo pra manter seu dono  
traballa o labrador.

Parés, muller, que cae unha goteira  
no leito dos pequenos vai a ver;  
acende ese candil, e na lareira  
vota foupas tamén.

Se mollados están os anxeliños,  
trainos axiña e ímolos quentar;  
¡inda por hoxe ñoran, coitadiños,  
pol-as que pasa un pail!

### Do patriota García Ferreiro

#### ¡Ben te víni!

#### I

Craron de noite estrelada,  
e na paisaxe, esas tintas  
de luz, triste y-esmayada  
que, nas albres e nas quintas  
pon, surríndose a alborada.

Galoupa o tren e asobía,  
e pol-as veigas, voando,  
hipógrifo ou cotiolía,  
vai o voar, desmaideixando,  
moxenas d'ouro na vía.

#### II

En retorto calexón  
de taludes nos meteron;  
saimos d'unha estación,  
e, de súpeto... escorreron  
os ánxeles un telón.

Ao fondo, un faro alcendido,  
y-entre guirlandas d'estrelas  
aprisioado e collido  
o mar cuberto de velas,  
e a perna solta tendido...

Ceo azul, e pouca bruma;  
lonxe, as crestas da Marola;  
unha praya que s'esfuma...  
¡e moita nave hespañola  
bambaneándose na espuma!

Cando te fun visitar,  
vend'a miñ'alma suxetar  
á fermosura do teu mar,  
díxome Dios: ¡canta, poeta!  
¡e chorei... pra te cantar!

Chorei, qu'eu non sabería  
—¡e San Pedro non m'escoitel—  
d'escoller, qu'escollería,  
¡s'entrar na Cruña de noite  
ou entrar no ceo de día!

## Do recio Leiras Pulpeiro

Tiñan soílo o probe amparo  
do fillo qu'e iba pr'a guerra,  
y-andaba él dado ó demo  
e chora que chora ela:  
pro sentiron os salaíos  
da Patria á que tantas penas  
fan pasar catro xudíos  
que car'ó calvario a levan,  
e calóu a boca o vello,  
e calóu a boca a vella.

E cand'ó irse o seu Fuco  
lle foron á dal-a aperta  
díxolle o pai, saloucando:  
—Meu filliño, nunca esquezas  
que, millor quero non verte  
hastra o ceio sea a cabeza  
n'as de erguer como eu a erguín  
diante Prim pra aló de Ceuta.

E así son sempre pra Hespaña  
os petrucios d'esta Terra  
esquencida, qu' hespañola  
nunca chamarse debera.

## Do inspirado Aureliano F. Pereira

### A espada vingadora

¿Xemes escravo? ¿Da tua negra sorte  
qu'ixaste do rigor,  
e dis tamén que a morte non buscache  
por falla de valor?

Tesouro d'un valer que ninguén tasa,  
do home a libertá  
loitar por conseguila, quen a estima  
sin tregua deberá.

E quen cobarde ou infelíz na teña  
non chore sen door,  
pelee contra todos, e o fin sexa  
ou morto ou vencedor.

C'os mesmos eslabós da sua cadea  
o servo ha de fundir  
espada vingadora que lle abra  
as portas do porvir.

Espada vingadora que o tirano  
non vexa sin tremar;  
que o cegue c'os lóstregos que despida  
nos ares ao brilar.

E se o servo non vence no combate,  
non chore cal muller;  
¡volva conira o seu peito a espada fera  
e libre pode ser!

## Do saudoso Golpe

### Dous amores

Dous amores a vida  
gardar me fan:  
a Patria e o que adoro  
no meu fôgar,  
a familia e a terra  
onde nacín.  
¡Sin esos dous amores  
non sei vivir!

Cando xa no meu peito  
non sinta amor;  
cando da miña terra  
non vexa o sol...  
ven morte, ven axiña  
cabo de mín,  
¡Que sin amor nin Patria  
non sei vivir!

## Do rexionalista Brañas

Hay unha terra  
lonxe da nosa  
como ela verde,  
como ela hermosa,  
onde os labregos  
cultivadores  
foran escravos  
dos seus señores  
y-ahora, libres,  
rexenerados,  
van en camiño  
de ser vengados.

IRLANDA... a isla  
pelra dos mares  
e a doce terra  
dos meus cantares,  
terra d'altivos  
fortes colonos,  
onde inda servos  
hoxe xa donos...

¡Ergue labrego! ¡Erguete e anda!  
Coma en Irlanda! ¡Coma en Irlanda!

Nay ley divina  
nin ley humana  
que ordene a fame  
pra crase aldeana;  
que coma e trunfe  
sin traballare  
o que non tivo  
mais que heredare

Entanto os pobres  
vanse emigrados  
e vense sempre  
lares sombríos...  
¡fillos chorando...  
potes vacíos...

¡Ergue, labrego! ¡Erguete e anda!  
¡Coma en Irlanda! ¡Coma en Irlanda!  
¡Erguete axiña!  
¿N'oyes as queixas que da a terriña?  
¡Ela é a que manda!  
¡Pobre naiciña!  
¡Erguete e anda!  
¡Coma en Irlanda! ¡Coma en Irlanda!

Nos números sucesivos de A NOSA  
TERRA publicaremos composicións dos  
poetas Castor Elices, Núñez González,  
Andrés e Xesús Muruais, Fernando  
García Acuña, Benito Losada, Alberto  
Camino, Francisco Añón, Pintos, Váz-  
quez Queipo, Rodríguez López, Pérez  
Ballesteros, García San Millán, Marti-  
nez González, Saco e Arce, Luís Rodrí-  
guez Seoane, Urbano González Varela  
e tantos mais, moitos d'eles mortos  
prematuramente para mal da sua terra  
e das nosas letras.

A música e a poesía sempre foron  
irmáns e moito mais entre bós galegos.  
Pobo lírico o noso tiña tamén que sere  
músico. Así n-esta conmemoración dos  
que foron espirados poetas, adicaremos  
ao mesmo tempo un agarimoso recor-  
do aos insignes maestros compositores  
Marcial del Adalid, Juan Montes, Pas-  
cual Veiga e José Castro Chané.

Eles, tendo por base os cantos dos  
nosos troveiros, fixeron obras que re-  
corren trunfantes o mundo enteiro e  
son cal heraldos do noso glorioso re-  
xurdimento para a arte.

¡Loor eterno á sua memoria!

ECEA.



# Un gran día nacionalista na Cruña

## O homenaxe a Curros Enríquez, Pondal e Chané O banquete ós Catedráticos de Santiago

De gran día para o nacionalismo galego pódese calificare a data do 12 d'iste mes pol-os actos realizados n-esta cidade. Vamos suprimir eloxios e comentarios, porque a reseña do mesmo, centro da heredaide que existe a confección do noso Boletín, poderá dar idea aos nosos lectores da súa trascendencia.

Como todol-os anos dende que se fundou a Irmandade acordou esta celebrar con toda solemnidade o homenaxe aos tres ilustres galegos que renderon seus corpos á Terra nai no mesmo mes e que repousan no mesmo cemiterio. Esta patriótica costume viña sendo tamén practicada pol-a Sociedade d'Artesanos, que é a mais cumprida síntesis do espíritu democrático e galeguista da Cruña, a Sociedade mais importante de Galicia e o único verdadeiro Ateneo popular da nosa Terra. Este ano ambas entidades—Irmandade e Circo d'Artesanos—xuntáronse en fraternal consorcio para facer xuntas o homenaxe. A elas xúntanse tamén con efusión cordial o Concello da nosa Cidade, e o pobo enteiro prestoulle a súa entusiasta e patriótica asistencia. Por iso o acto podemos decir con orgullo que xa non foi cousa nosa, sinon que foi unha manifestación de todo o pobo cruñés, que debasou as nosas mais optimistas esperanzas.

As doce xustas da mañán saíu a comitiva do Circo d'Artesanos, recorrendo as principais rúas denantes de se dirixir ao cemiterio. Formaban na presidencia da manifestación, ademais das Directivas da Irmandade, Circo d'Artesanos e representación do Concello, as seguintes entidades:

Directora, profesoras e alumnas da Normal, con ramos de frores. O coro "Cántigas da Terra", con bandeira e frores. O coro "Queixumes dos Pinos" e unha coroa pra Pondal. Representación do Instituto, da Academia Galega, con ramos de frores. O profesorado e alumnos das Escolas de Comercio e de Náutica, e representación da Prensa local, e finalmente, en posto d'honore, os profesores da Universidade galega. O resto da manifestación a formaban mais de catro mil persoas de todas as crases socias facendo moito tempo que na Cruña non se vira manifestación tal imponente. Ao paso da manifestación repartíronse mais de dez milleiros de follas con versos dos dous poetas: Pondal e Curros. Unha nota moi simpática e interesante a deron grandes fatos de señoritas que en

as rúas se xuntaban á manifestación levando ramos de frores. Cerraba ésta o landó do Concello conducindo tres grandes coroas da Irmandade, outras tantas do Circo e outras tres do mesmo Concello.

Ao chegar a manifestación ao cemiterio non se cabía pol-os paseos, porque a multitude o enchía todo. Dempois de colocar as coroas e frores nas tumbas dos ilustres mortos, dende o cruceiro que hay no medio do paseo central pronunciáron discursos sentidísimos e eloquentes, de rexo senso nacionalista os Sres. Peña Novo, en representación do Concello; Casares Quiroga, pol-o Circo d'Artesanos; Lugris Freire, pol-a Irmandade da Fala, e D. Armando Cotarelo pol-a Unversidade de Santiago. Neste respecto copiamos o que di un xornal da Cruña: "A oración do Sr. Casares Quiroga foi sobria es severa; a do Sr. Peña Novo, elevada e solemne; a do señor Lugris, sentimental e enérxica, e a do Sr. Cotarelo, sinxelamente admirable e conmovedora."

Deliberadamente non queremos eloxiar aos que son nosos conveciños, de todos coñecidos pol-as suas altas dotes d'intelixencia e d'elocuencia. Mais do Sr. Cotarelo queremos dicir aínda que o seu discurso d'onte no cemiterio poidera servir de modelo pol-a súa precisión e medida, pel-o seu tono, pol-o galego expresivo e pol-o maravilloso léxico empregado. A emoción que causou no imenso fermigueiro que o escoitaba, foi tan fonda, que en casi todol-os ollos brillaban as bágoas."

O Sr. Cotarelo, en efecto, fixo un dos mais fermosos discursos que temos escoitado en galego. Nas suas verbas escolleitas brillaba a nosa fala con toda a su cristaiña pureza. Pese a que xa fai tempo que do Sr. Cotarelo temos o millor concepto coma bon galego e home de ciencia, non podemos negar que foi para todos unha revelación o seu discurso do catro día, revelación d'un gran pensador, d'un gran orador e d'un gran nacionalista.

Despois de haberse pronunciado as oracións fúnebres, os coros cantaron o hino galego, que foi cantado tamén pol-o pobo que escoitaba.

Tamén os irmáns e os coros levaron frores á tumba do noso querido e chorado irmán, o historiador D. Fuco Tettemancy, o home todo corazón e bondade. E ao final todol-os irmáns fumos depositar tamén frores ao cemiterio civil na tumba onde descansa aquel rexo nacionalista, o nunca ben chorado Xurxo Parga, aquel irmán que dende o comenzo das

Os viños do Ribeiro

**ARNOYA FINO**

Siñifican o máximum d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **D. R. G. Alegre** — Juana de Vega, 35

ncas loitas foi un espírito sempre acceso que non tiña mais amore que o amore á súa Terra e aos irmáns na Causa e non vivía mais que para traballar pol-a súa liberdade. Alí solos, diante d'él, fódol-os irmáns que fomos na vida seus compañeiros de loita, dixo unhas verbas ferventes d'amore e de dobre o irmán Lugo, e todos desfilamos calados porque a emoción non nos permitiu outra cousa mais que chorar todos a eito.

### O banquete os Catedráticos da Universidade

Durante a semana que deu comezo no día 6 e rematou no 12 d'iste mes, celebróuse na "Reunión d'Artesanos" unha serie de conferencias a cárega dos profesores da Universidade de Santiago. A semana universitaria tivo grande importancia, porque é o primeiro acto oficial que a Universidade realiza despois de lle conceder a autonomía; de xeito que esa semana universitaria para a Cruña significa a súa consagración por parte da Universidade como capitalidade espiritual e real de Galicia; para o Circo d'Artesanos a súa consagración coma a tribuna mais prestixiada da nosa Terra, e para a Universidade, sobre todo, significa un cambio radical do seu enclaustramento frío, estéril, como planta exótica no noso xardín espiritual, a un contacto fecundo e cordial coa realidade galega. Nada diremos de cada un dos conferenciantes, porque para nós nada significa a labor persoal e aislada—por outra e meritoria que seña—de cada conferenciante, sinón o significado da labor común de todos como resultancia d'un novo criterio docente. Por iso mesmo non podemos deixar de reseñar o banquete con que a Sociedade d'Artesanos obsequiou aos conferenciantes e a todo o claustro universitario, porque foi unha festa de fonda trascendencia que ven a confirmar as esperanzas que nós tiñamos postas na semana universitaria.

Con asistencia de moitos socios, e de representacións de todas as Sociedades, Centros culturais e docentes da Cruña, tivo lugar o banquete no amplo salón de actos, despois do lomenaxe a Pondal, Curros e Chané no cemeterio. Léronse moitas adhesións, entre elas unha cordialísima de Leonardo Coimbra.

A hora dos brindis enchouse o salón de público. Iniciounos o Sr. Casares Quiroga, que ofrecera o banquete, e propuxo a creación d'un "Liga de universitarios" para democratizar, fecundar e galeguizar a labor da nosa Universidade, que ten que chegar a ser unha Universidade enxebremente galega; foi o seu un admirable discurso de fondo e forma, un dos millores discursos que temos ouvido; tamén admirable no seu estudo lírico e grandilocuente foi o do esgrevio orador Sr. Correal; despois de falaren brevemente outros señores, falou noso irmán Peña Novo para felicitar de que os ideais nacionalistas, que dende fai anos veñen espallando por Galicia adiante un fado de entusiastas propagandistas, haxan xa fructificado tan intensamente na conciencia dos nosos galegos, que agora xa teñen valedores do valer do Sr. Casares e do Sr. Correal, que souperon espralarlos nos seus discursos con toda fidelidade e con todo o radicalismo que poidera esixir o nacionalista mais enxebre. Despois falou, coa elocuencia, emoción e galanura que o caracteriza, o Sr. Cotarelo; fixo outro discurso en galego tan admirable como o da mañán no cemeterio; dixo, referíndose a verbas do Sr. Casares Quiroga, que non era estrano que na Universidade galega se sentise fríos, porque hasta d'agora ensinouse as nosas mocidades unha ciencia extranxeira en lingua extranxeira; e despois de faguer un eloxio insuperable da nosa fala, dixo que a auto-

nomía universitaria ou non valeria para nada, ou liña que se paxa instaurar o uso do noso idioma no noso Centro superior de ensino que o idioma sería a chave d'ouro en que a Universidade podería abrir as portas da conciencia galega; e aconsellou aos seus compañeiros de claustro que ensinasen en galego nas suas clases, úneo medio de faguer unha Universidade galega digna dos destinos da nosa Terra. O Sr. Cotarelo foi ovacionado repetidas veces; durante o seu discurso, que foi a consagración do ideal nacionalista pol-os mais altos representantes da nosa cultura oficial.

Por iso o acto a que nos vimos referindo foi d'unha gran trascendencia; foi a coincidencia do noso ideal de elementos procedentes dos mais distintos campos; foi a consagración mais solene que ten habido hasta a data da nosa fala; foi o comezo da creación d'unha Universidade verdadeiramente galega; e foi, polo derradeiro, o trunfo de Galicia, consagrada no seu idioma pol-as mais altas representacións científicas.

Por iso podemos decir, cheos de santo orgullo, que o día que reseñamos foi un día triunfal para nosa Causa, que é a causa da redención da nosa Terra.

Para que o día fose de cheo dedicado a Galicia, a música militar no paseo, as orquestras dos teatros e dos cafés tocaron todo o día sómente música galega; e como nota curiosa restanos dicir que cando nos cafés se tocaba o himno a Galicia, as xentes descubrironse sempre, pódose en pé e coreando.

### Outra nova importante na Cruña

## A Asambleia das Diputacións e Concellos

Xa os nosos lectores terán sabido da Asambleia de Diputacións e Concellos que se celebrou nesta cidade os días 5 e 6 do mes que corre. O oxeito da Asambleia foi pedir a desgravación do millo e do centeo e a libre introdución das carnes conxeladas. A Asambleia foi convocada para apoiar dende aquí aos parlamentarios galegos que están en Madrid facendo o burro en col d'estes asuntos e de todos os que a Galicia se refíren; tamén foi feita a Asambleia, porque ao redor dos novos aranceles hai un puxilato entre todos os caciques da Cruña para ver quen protesta mais; foi, pois, a Asambleia nos seus comezos un xuntoiro de caciques para facer unha cacicada mais. Pero a esa Asambleia foron tamén honradas representacións políticas, e homes de boa fé. Entre eles tócanos citar, pola grande e difícil labor que fixeron, aos Sres. Ruf Codina e Peña Novo, concexal nacionalista que iba como delegado do Concello da Cruña. Foron as dúas únicas persoas que n-aquel xuntoiro coñecían a fondo os problemas de Galicia; por iso dende o seu comezo orientáronse por camiños completamente distintos d-aqueles por onde a querían levar os caciques. Estes pedían unha desgravación temporal e fíxoselles enxerguer que tiña que ser un libre cambio permanente; pedían protección contra das carnes conxeladas e derrotouse esta pretensión, que se basa nun desconocimiento da economía agraria; querían que a Asambleia fese un apoio que se prestase aos parlamentarios, e fíxoselles ver que os parlamentarios constituían un poder antigalego e

fracasado ao que había que impoñerse e non acatal-o. Polo Cerradeiro, o noso irmán Peña Novo, que falou en galego, atacou ás Diputaciós e Concellos como niños de caciques, que se atopan divorciados da opinión; atacou rexamente aos parlamentarios, e dixo que a Asambleia ou era unha payasada máis dos caciques dá que se riria o pobo, ou tika que reconhecer si quería dar froitos, a necesidade de afundir todas as organizaciós actuais, e de crear un Poder galego que resolva para Galicia aqueles problemas que hasta agora desatenderon decote; que para facer labor fecunda tiñan primeiro que lavar as suas concencias n-un ideal galego que poidera redimil-os; tiñan que reconecer a persoalidade de Galicia e romper toda crás de relación co centralismo; que o comenzo d'esta renovación podía ser a creación da Mancomunidade galega.

Istas manifestaciós de Peña Novo no comenzo foron recibidas con franca hostilidade; pero durante toda a Asambleia pronunciou varios discursos para defender a sua tesis, que se foi abrindo camiño no ánimo dos assembleistas, hasta que no banquete con que a Diputaciós dou remate á Asambleia, pronunciou un dos seus mellores discursos pola sua valentía e sinceridade; fixo unha exaltada defensa do ideal nacionalista, único que redimirá a Galicia; cantou a santa rebeldía que xermola no agro galego; condenou aos parlamentarios, as Diputaciós e Concellos como covetras dos caciques, que si se querian redimir tiñan que crear un Poder galego, para Galicia, independente do Poder central, e que así como hoxe atopan a hostilidade e a maldición das xentes, para esa labor común poden contar co-a axuda de todos os galegos xenerosos. A emoción que soupo poñer nas suas verbas fixo que os caciques manifestasen oficialmente a sua adhesión ás suas ideas, inda que aos cinco minutos os mesmo caciques se atopasen alarmados por haberen sido arrastrados sin se daren conta a unha situación completamente oposta á finalidade que pretendían co-a Asambleia. Nesta labor colaborou con un discurso oportunísimo e elocuentísimo o Sr. Martín Martínez, que obrigou ao presidente da Diputaciós a confesar o fracaso do caciquismo que representaba, e a necesidade de facer unha política galega oposta á política que hasta agora fixeron sempre os organismos ali representados.

Foi, pois, a Asambleia de Diputaciós e Concellos un dos maiores triunfos conquistados pol-o noso ideal que fixo que os caciques tivesen que confesar d-uma maneira oficial e solene os seus erros e as suas culpas.

Por certo que é moito de sentir que algúns xornales de Galicia, ignorantes da labor do noso irmán Peña Novo, falsearan completamente a sua actuación, somentes por servir os intereses e comenencias privadas e desfogar pasiós e rencillas de caciques contra caciques.

V<sup>da</sup> de H. Hervada **Casa fundada en 1865**  
**A CRUÑA**

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

LINO PEREZ MARIÑAS

Representante e Comisionista

Rua Real, 43

A CRUÑA

Suscríbese vostede

**A NOSA TERRA**

## LETRAS IRMÁNS

# Teixeira de Pascoaes

## O BAILADO

Desexei falar de mín, neste libro, redigir uma especie de «Memorias». Fui escrevendo, escrevendo... Falei dos outros, afinal. Mas quen sômos nós senão os outros?...

Já reparou o leitor na casca das velhas arvores e na pele das velhas mulheres? Eis ahí a máscara trágica do tempo, o vestuario das horas pergaminadas, sob o qual se agita, cada vez mais fundo, o último fluxo de sangue, a última gota de azeite a evapor-se n-un último clarão...

Vêde o reducto da vida, a cair em ruínas, todo inclinado sobre o Abismo. Ao mais ligeiro abalo é fatal a derrocada.

Ha momentos em que un fio de seda sustentaria no ar un penedo, e ha outros em que o sópro d'uma creança apagaría uma estrela...

\* \* \*

O home fala,—e ele é uma estatua de silencio...

Ri,—e a sua máscara é só tristeza.

Chora,—e as lágrimas escorrem-lhe pela face indifferente...

Assim bailan as chamas vivas sobre a pedra morta do lar.

\* \* \*

Suicidas! Desgraçados que se zagam com a morte por que ela tarda dois minutos!

\* \* \*

Lembro-me do tempo em que fui terra, e floresço intimamente... Son folha verde, canto de ave, marulho de auga... E rio como aquela creança deitada no berce quando a luz lle bate nos ollos.

\* \* \*

E as horas da miña infancia? Enxame de borboletas brancas atraídas pelo sol que as queimou? E a cinza fina das suas azas enlucou-me a alma para sempre...

\* \* \*

E as horas que eu não vivi, as minhas horas verdadeiras?... Pasaram por mín; afastei-me d'elas! Covarde! Por iso, eu nunca fui, nem sou, nem hei de ser!

Este mêdo ao noso destino! Este mêdo á nossa pessoa! Estes cabelos irriçados deante da nossa aparição! Este mêdo do sonho á realidade! Este mêdo do corpo ao espectro,—eis a fraqueza do homem que o faz rastejar como un bicho, tendo azas para voar como os Anjos...

\* \* \*

Nunca bebeste, em manhãs de sol, uma gota de orvalho? E auga, ceu, e luz. Bebê-la é comulgar a Creação.

\* \* \*

Todos nós trilhamos a mesma terra.

Acolá, n-aquela rua, Camões e o Sr. Antunes puseram os pés no mesmo sitio. Duas pegadas coincidindo... Causa séria! Porque a pegada não é somente aquele baixo relevo gravado na lama ou na poeira. Da pegada visível sobe un corpo misterioso que se perde, como todos os corpos no invisível... Quando duas pegadas coincidem, ha dous phantasmas que se abraçam...

\* \* \*

Um doido ri-se da morte e das estrelas; e chora como as nuvens, sobre o cadáver d'uma flôr!

E é capaz, Sr. Antunes, de lhe apedrejar as abas do capote...

Que a sua pessoa nem a vê...



## TEATRO GALEGO

## Cómo deben de se estudar os papés

## III

Unha vez repartidos os papés da obra eixida, e despois de lida ésta para que os actores poidan se decatar do xénero á que pertence, lugar onde se supón a acción e da situación en que terán de se atopar os artistas, cada un d'eles ten que se penetrar ben do carácter do personaxe que ha de representar; adonarse dos seus pensamentos, maxinar os seus xestos e ademáns, e ensaialos hasta afacerse á eles dentro da maor naturalidade posibre, sempre coidando de que os movementos e espresións non sallan fora da visullidade artística.

As principás circunstancias, que endexamais deben ser esquecidas cando se procede á composición da «individualidade» do personaxe, son: O carácter moral d'esa individualidade que debe encarnar o actor, o seu temperamento físico, a súa posición social e o medio en que actúa.

A estas catro influencias débense suxeitar rigorosamente todos os pormenores de composición artística que o actor ten de introducir no desempeño dos variados papés do seu "caudal", sexa cal for o seu xénero.

Ao lér por primeira vez o papel non debe de se formar xa un tipo definitivo, senon abocetalo, para despois, durante os ensaios, compretalo coas observacións propias e os detalles que poida facilitar o director de escena,

Coase sempre atópase mais craramente dibuxada, mais compreta a verdadeira "alma" d'un personaxe nas conversas dos outros e no seu comportamento diante d'él, do que no propio papel; por eso, según adianten os ensaios, pódese ir aperfeizoando o estudo e identidade das figuras.

Para conseguir unha grande esaititude na representación, é ben aproveitar todas as observacións que poidan facerse na rúa, no porto, no campo; durante o traballo e nas festas; sempre, en fin, que sempre o actor debe observar canto o rodea, e tomar apuntes ou fotografías que lle facilitarán moito o seu traballo.

O realismo escénico, noustante, debe ser a interpretación "artística" da verdade; o actor non debe endexamais

esquecer esta importantísima regra, punto de partida tanto da dicción como da acción teatral.

Estudar o papel non é, pois, samente lelo repetidas veces hasta adprendelo de memoria, por mais que é comenente, como xa dixemos, (cap. II), recordar perfectamente, non só os recitados, senon as situacións da obra para lograr unha acción axeitada.

Para o estudo do papel e lembrar as verbas e intencións d'elas, atópase grande axuda na "frase capital" de cada parlamento e no motivo de cada escena. Pol-o demais, estando o actor ben penetrado da situación e seguro do "tipo" que representa, lembraráselle mais fácilmente das palabras que teña que dicir e mais da tonalidade e da espresión que lles ha de imprimir.

Inda que se teña moi boa memoria non debe desprezarse o apuntador, así como tampouco comben estar pendente das súas palabras, o que é de malísimo efecto. O falar de carretilla é tamén moi feo. Dicir ben é unha das principaes cualidades do bon actor.

Unha das maneiras mais seguras para reter na memoria o que se estuda é lelo varias veces ao se deitar e un par d'elas ao erguerse pol-a mañán.

Despois da función é moi comenente, para corréxir moitas faltas e arriquecer algúns detalles, a lectura do papel que se represente. Isto afianza o éisito das sucesivas representacións.

Outra das cousas moi comenentes para o actor é anotar no marxe do papel as características do personaxe que represente, traxe que vista, cousas que use, etc. D'esta maneira "non se repetirá" ao estudar un novo papel e por outra parte veráse libre d'algunhas falsas situacións ao se atopar en escena sen algunha cousa que deberá levar por esixilo así a acción da obra.

**RAMÓN ALVARIÑO.**

(UN VELLO ACTOR)

## CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

## "LA SANTIAGUESA"

Gran Hospedaxe de GUZMAN

Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación con habitacións independentes. Preto das administracións dos coches ao ferrocarril e a Santiago

**PRECIOS ECONOMICOS**

Os mellores viños de Jerez son os de

- MARIN e CINTADO -

dirixirse ao seu representante para Galicia:

LINO PEREZ MARIÑAS-Rua Real, 43 - A Cruña

## BOLSA do TRABALLO INTERNAIONAL

FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES  
ASOCIACION de BENEFICENCIA

## Enrique Iglesias Corral Barrio

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE  
DE HESPAÑA

A Cruña, León, Ourense, Oviedo e Pontevedra  
A CRUÑA

## Hotel "LA VICTORIA"

Propietario: Manuel Fernández Vázquez

Rua de San Andrés, 154-A CRUÑA

Dirección telegráfica e telefónica VICTOFER

Teléfono número 459

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

## Vapor Lafayette 23 de Marzo

PRECIOS EN CÁMARA		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	»	1.100	1.200
Preferencia	»	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS.	»	600	600

A estos precios hai que añadir os impostos  
Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.  
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARIÑA, Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA**

# COMPañÍA CHARGEURS REUNIS

## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

### Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníficos vapores rápidos a dúas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA	VAPOR	Prezo en 3.ª cras
21 de Marzo	<b>DESTRADÉ</b>	434'60 pesetas
4 de Abril	<b>JAUREGUIBERRI</b>	434'60 »
17 de id.	<b>BELLE ISLE</b>	434'60 »
15 de Mayo	<b>ALBA</b> ex-«Sierra Ventana»	434'60 »

### Prezos en cámara

	Pernambuco	Bahía	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. . . . . Ptas.			1.286		1.486	1.543
En segunda crase. . . . . »			1.135		1.135	1.135
En segunda intermedia . . . »			522		522	522

### Aos precios de cámara hai que aumentar os impostos

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

**ANTONIO CONDE, Fillos - Plaza de Orense, 2 - A CRUÑA**

Telegramas "Chargeurs"

# NELSON LINES

Servicio dende o porto da Cruña para os de Río Janeiro, Montevideo e Bós Aires

### PROXIMAS SAIDAS DA CRUÑA

<b>Highland Laddie</b>	26 de Febreiro
<b>Highland Piper</b>	12 de Marzo
<b>Highland Glen</b>	26 de idem

**Precio en terceira clase: 484'60 ptas. — Admite pasaxeiros de todas clases e carga**

Precios da pasaxe en terceira clase; De 10 anos en adiante, 484'60 ptas.; de 5 a 10 anos non cumpridos, media pasaxe; de 2 a 5 anos non cumpridos, cuarta pasaxe; menores de 2 anos gratis.

Os pasaxeiros teñen que presentarse n-esta Agencia CINCO. DIAS antes da data de saída, a fin de cumprir todos os requisitos das vixentes disposicións.—Para mais informes dirixirse ao seu Consignatario

**Nicandro Fariña - Rúa de Compostela (esquina á Praza de Lugo) - A Cruña**